

A CULTURA É UN DEREITO

CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS

CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS

XXIII XORNADA:

RADIOGRAFÍA DA ESCENA MUSICAL ALTERNATIVA

PLADÜR

Pladür é unha banda de punk fresco, freético e divertido que nace en xaneiro de 2022 en Pontevedra.

Ante unha urxente necesidade creativa incapaz de ser contida noutros proxectos, Lúa Sálambo (Lle Cûl, Os Televisores, Trompas de Farlopio) e Santiago Paredes (Pedrito Diaño, Thee Tumbitas, Glitter & Litter ou Thee Blind Crows), establecen os cimentos deste power dúo de punk rock salvaxe e inmediato. Un recordatorio de como facer cancións partindo do mais elemental. Pladür é a banda que poderías montar coa túa curmá, pero ti non o fixeches e eles si.

En moi pouco tempo manufacturaron unha boa presa de cancións pegadizas cargadas de enerxía e melodía, e lanzáronse aos escenarios para percorrer gran parte de Galicia e facer algunha incursión na meseta española e mesmo UK, con gran aceptación de público e crítica.

O seu son é vándalo e cheo de voces que cospen sobre riffs poderosos, temas cotiáns e divertidos nos que non faltan o humor nin a crítica social, e que encaixan á perfección sobre unha potente sección rítmica. Un cóctel irresistible que lembra a bandas como Ramones, The Addicts, Adolescents, Sinistro total e mesmo Os Nikis.

En 2022 editan o seu primeiro EP, " Ensaíos, fallos e desmaios" gravado nos estudos Terraforma por Íán Pérez produtor de bandas como Indómitos ou Fantasmage e que recolle os catro primeiros cortes de estudo da banda, seguido do sinxelo "Estudante de BB.AA", (2023).

En 2024 finalmente gravan o seu primeiro LP "Toneladas de Diversión" no estudo Escusalla Sónora con Javier Vicalo aos mandos. 11 temas de punk rock iconoclasta repleto de himnos xeracionais como "Nova Onda", "Baixa por Diversión" ou "Na tenda do Ortopeda".